

# **PLAN DE IGUALDADE**

**IES Camilo José Cela (Padrón)**

**Data de aprobación en Claustro: 29/04/2020**



## ÍNDICE XERAL

1. INTRODUCCIÓN	..... páx. 2
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	..... páx. 5
2.1. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA	..... páx. 5
2.2. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO	..... páx. 8
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN	..... páx. 9
3.1. ANÁLISE DO CONTEXTO	..... páx. 9
3.2. PERCEPCIÓN DA IGUALDADE NO CENTRO	..... páx. 10
3.3. FORTALEZAS E DEBILIDADES	..... páx. 13
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN	..... páx. 15
4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES	..... páx. 15
4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	..... páx. 15
4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL	..... páx. 15
4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIfobia	..... páx. 16
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN	..... páx. 16
5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO	..... páx. 16
5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES	..... páx. 18
5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL	..... páx. 19
5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR	..... páx. 21
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	..... páx. 22
7. ANEXOS	..... páx. 23



## 1. INTRODUCCIÓN

O IES Camilo José Cela é un centro de ensino secundario de longa tradición na bisbarra de Sar, xa que foi o primeiro centro que impartiu ensino secundario na comarca e a súa contorna. A fundación do centro remóntase á década de 1970, en tempos aínda do réxime franquista, e nas súas aulas formáronse en coñecementos e en valores moitas xeracións de cidadáns de Padrón e da súa contorna. É obvio que, ao longo destes anos e a través dos cambios que se produciron, a sociedade e o ensino mudaron moito, sobre todo no que respecta aos valores polos que se rexe e á súa transmisión.

### INICIATIVAS DE TRABALLO EN IGUALDADE REALIZADAS NO CENTRO.

No IES Camilo José Cela foron desenvolvéndose, ao longo do seu percorrido histórico, distintas iniciativas a prol da igualdade, entre as que destacamos as seguintes:

- Nomeamento, na **reunión constitutiva do Consello Escolar de 4 de decembro de 2018, da persoa encargada de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real de homes e mulleres**, conforme o artigo 166.2 da LOE.

- Inclusión nas últimas NOFC do centro (aprobadas o 28 de xuño de 2018) da referencia explícita a condutas leves contrarias ás normas de convivencia (apartado 5.2.2 das NOFC) referidas a “alusións a diferenzas entre sexos”.

- Inclusión nas NOFC (apartado 2.4.1) e, proximamente, no renovado Plan de Acción Titorial, da **promoción de candidaturas femininas a delegada de curso**, asegurándose o profesorado titor de que haxa sempre o mesmo número de candidaturas masculinas que femininas antes de pór en marcha a elección.

- Integración de **representantes da dirección do centro na Mesa Local contra a Violencia de Xénero do Concello de Padrón**, constituída o venres 7 de febreiro de 2020.

- **Presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto Educativo do Centro**: mencionada explicitamente nos principios e nos obxectivos do PEC do IES Camilo José Cela.

- **Existencia dunha diagnose previa da situación da igualdade de xénero no centro**, realizada nos meses de marzo-abril de 2019 con cuestionarios web en google forms, a través das **enquisas de convivencia e igualdade** realizadas a estudantes,



profesorado e familias, no marco da diagnose xeral da convivencia (estas enquisas, como o seu nome indica, incorporaban un apartado sobre igualdade).

- Adquisición, ao longo dos últimos tres cursos, de **fondos documentais** sobre igualdade e feminismo.

- Participación, no curso escolar 2019-2020, no **Proxecto Club de Letras**, ao que se optou a través da convocatoria realizada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa mediante a resolución do 29 de maio de 2019. Esta convocatoria está centrada precisamente no *tema da igualdade* e o IES Camilo José Cela foi un dos 30 centros escollidos. O proxecto, nomeado “Cámbiache o conto”, está centrado no eido das humanidades e desenvólvese a través da realización de actividades integradas en proxectos interdisciplinares que achegan as humanidades e as tecnoloxías dun xeito moderno e atractivo, para mostrar unha nova visión dos roles de xénero nas artes e nas letras.

- Desenvolvemento no presente curso 2019-2020 do proxecto **Aula Galería**, realizado polo Departamento de Filosofía no marco do Proxecto Club de Letras. Consiste nunha serie de encontros e exposicións pictóricas e fotográficas sobre a obra artística e a traxectoria vital de diferentes mulleres, que achegan a súa testemuña presencial e o seu exemplo aos membros da comunidade educativa.

- Participación en **Plans de Formación Permanente do profesorado**. Desde o curso 2017-2018 desenvólvese un PFPP no centro con contidos específicos sobre igualdade, integrado na liña formativa denominada “Convivencia escolar e clima da aula. Centros saudables. Relación coas familias”. Nesta liña traballamos o curso 2017-2018 a mediación escolar, coa que se continuou o curso seguinte engadindo un curso de 20 horas denominado “Convivimos en Igualdade no IES Camilo José Cela”. No curso 2019-2020 continuouse a formación coa actividade “Coeducando en emocións no IES Camilo José Cela”. Ademais, o profesorado formado (máis dun terzo do claustro), realizou tamén a formación obrigatoria en rede co *Módulo inicial de formación en Igualdade, Convivencia e Inclusión*. Prevese continuar esta formación en Convivencia e Igualdade nos cursos seguintes.

- Formación e posta en marcha dun **Equipo de Mediación** do alumnado. Este equipo formouse ao abeiro do PFPP mencionado no apartado anterior e consolidouse coa integración nel de 2 mozos e 6 mozas, creándose asemade o cargo de Coordinadora de Mediación, desempeñado pola profesora Emilia Domínguez Millán. Trátase dun proxecto de mediación entre iguais, onde o alumnado é formado para a resolución



pacífica de conflitos e cuxa acción se estende a outros ámbitos da convivencia, incluído o da promoción da igualdade.

- Creación, no curso 2018-2019 do denominado **Recuncho violeta**. Este espazo, situado na planta baixa do centro, moi visible e accesible ao alumnado, creouse ao abeiro do traballo do profesorado no PFPP antes mencionado e nel se pretende visibilizar a problemática referente á muller e á igualdade de xénero mediante a exposición de materiais informativos sobre este tema e a reflexión sobre eles. Este espazo está mencionado no Plan de Convivencia do centro como un eixo favorecedor da convivencia no IES Camilo José Cela.

- Edición e difusión da histórica **revista escolar *Leliadoura***, activa desde 1987, que foi revitalizada cun novo formato en 2017 e expresa as inquietudes do alumnado en diversas temáticas, tendo moita presenza a problemática igualdade e a violencia machista con artigos e reportaxes sobre estes temas nos números publicados.

- Elaboración e confección da **publicación *Afoutas nos camiños***, revista elaborada no curso 2019-2020 polo alumnado de 1º de Bacharelato sobre o traballo das mulleres galegas na posguerra.

- **Realización de actividades asociadas a conmemoracións establecidas no calendario escolar e dirixidas a todo o alumnado.** Algunhas das realizadas nos últimos tempos son as seguintes:

–25 de novembro de 2018. Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Realización dun concerto contra a violencia de xénero na entrada do instituto.

–25 de novembro de 2018. Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Realización da **Performance 54 X 54**, actividade de denuncia da violencia machista preparada nun obradoiro impartido pola artista Ana Gesto, no marco do Proxecto Club de Letras. Esta actividade desenvolveuse pola vila de Padrón e contou coa colaboración activa dun amplo número de alumnos e alumnas.

–25 de novembro de 2018. Participación no acto organizado polo Concello e o CIM de Padrón con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

–8 de marzo de 2020. Día das Mulleres. Realización dunha cadea humana a favor da igualdade, rodeando as instalacións do centro.

–8 de marzo de 2020. Día das Mulleres. Lectura de contos con temática da igualdade ao alumnado de Educación Infantil do CEIP Flavia, adscrito ao centro e para o que se desprazou un grupo de alumnado do IES con motivo do encontro.



● **Posta en marcha de actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos.** Algunhas das desenvolvidas nos últimos tempos son as seguintes:

–Impartición de *obradoiros*, entre os que destacan os de educación afectivo-sexual realizados nos últimos cursos, o último no mes de febreiro de 2019.

–Difusión da *Maleta de Igualdade*, cedida durante un mes polo CAFI de Santiago de Compostela, no 1º trimestre do curso 2019-2020. Nesta maleta podíanse consultar 50 obras de temática feminista e sobre a igualdade.

–Obradoiro de *Regueifa pola igualdade*, coa participación de alumnado de 2º de ESO e de dous coñecidos regueifeiros e unha regueifeira, desenvolto en diferentes datas de xaneiro de 2020.

–Charlas do *Plan director*, desenvolto pola Garda Civil, en colaboración co Ministerio de Educación, nos centros de secundaria. Unha das charlas seleccionadas no curso 2108-2019 foi a que abordaba o tema da violencia de xénero.

–Representacións teatrais sobre obras de contido feminista e contra a violencia machista, como *A Lola* de Aveláña teatro, representada o curso 2019-2020.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

### 2.1. Contextualización normativa.

A coeducación no ensino galego recibiu un pulo nos últimos anos a través do *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020*, enmarcado na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020.

A necesidade dun plan de igualdade nos centros e o mandato da súa realización no curso 2019-2020 está recollida na *Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019-2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional*.

Asemade, este plan emana do seguinte marco legal e conceptual:

● *Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 10 de decembro de 1948.*

[https://www.ohchr.org/EN/UDHR/Documents/UDHR\\_Translations/gln.pdf](https://www.ohchr.org/EN/UDHR/Documents/UDHR_Translations/gln.pdf)



O artigo 2 afirma: “Toda persoa ten os dereitos e liberdades proclamadas nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición”.

- *Instrumento de ratificación do convenio para a protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, feito en Roma o 4 de novembro de 1960, e emendado polos protocolos adicionais números 3 e 5, de 3 de maio de 1963 e 20 de xaneiro de 1966, respectivamente. BOE de 10 de outubro de 1979.*

Este documento de ratificación do estado español inclúe expresamente no seu artigo 14: “O goce dos dereitos e liberdades recoñecidos no presente convenio ha de ser asegurado sen distinción ningunha, especialmente por razóns de sexo, raza, cor, lingua, relixión, opinións políticas ou outras, orixe nacional ou social, pertenza a unha minoría nacional, fortuna, nacemento ou calquera outra situación”.

- *Constitución Española. 1978.*

O texto base do ordenamento xurídico do estado español reconece no artigo 14 a igualdade dos españois perante a lei.

- *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.*

Indica o noso estatuto no artigo 4.2: “Correspóndelles aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida pública, económica, cultural e social”.

- *Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*

Esta lei recolle no seu artigo 23 a inclusión da educación para a igualdade de mulleres e homes dentro dos principios do sistema educativo e no artigo 24 a integración do principio de igualdade na política de educación.

- *Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.*

Esta lei sinala no seu artigo 4 que o goberno do estado deberá: “Promover as accións e actuacións necesarias para desenvolver os contidos das Convencións



internacionais sobre a eliminación de toda forma de discriminación racial, discriminación contra a muller e discriminación derivada da orientación sexual”.

- *Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.*

A LODE reconece no seu preámbulo que a educación é “soporte das liberdades individuais nas sociedades democráticas”.

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Texto consolidado 29 de xullo de 2015.*

- *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Texto consolidado 10 de decembro de 2016.*

A LOMCE inclúe no seu preámbulo “o compromiso cunha educación de calidade como soporte da igualdade e a xustiza social”. Asemade, reconece como un dos principios do Sistema Educativo “a transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza”.

- *Decreto lexislativo 2/201, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.*

Este decreto é un texto refundido das principais leis que regulan a materia da igualdade en Galicia. Os artigos 17 a 21 son os que se refiren á implantación de políticas de igualdade no ámbito educativo, como a integración da igualdade nos currículos escolares, as medidas para erradicar prexuízos nos centros docentes ou a igualdade de oportunidades nas distintas etapas educativas.

- *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*

Esta lei garante o principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais, e establece medidas de promoción e discriminación positiva en diversos eidos, incluído o educativo (artigos 22 a 26).

- *Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*





● *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

As normas que regulan a convivencia na comunidade educativa recollen, entre os seus fins e principios informadores: “A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de trato e non discriminación entre persoas” (Artigo 3, b).

● *Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.*

Este decreto, que establece o currículo da ESO e Bacharelato, recolle no artigo 4.2: “A consellaría con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social”.

● *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Este decreto recolle no artigo 4.1: “A atención á diversidade rexerese polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa”.

## **2.1. Contextualización do centro.**

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón, cabeceira da bisbarra de Sar. Como xa se comentou, é un centro de longa historia e tradición na comarca. As súas instalacións actuais datan de 1982.

Entre os documentos do centro, varios deles en proceso de actualización e revisión, podemos sinalar os seguintes obxectivos coeducativos e medidas de atención á prevención da violencia de xénero:



► *Proxecto Educativo de Centro* (Aprobado en xuño de 2013)

- Propiciar unha educación tolerante e solidaria, que conciencie dos perigos da discriminación ideolóxica, racista, sexista, xenófoba, social ou relixiosa.
- Potenciar a coeducación.

► *Plan de Convivencia* (Actualizado en xuño de 2019)

- Promover os valores e os dereitos fundamentais propios dunha sociedade democrática moderna e igualitaria entre homes e mulleres.
  - Velar pola igualdade de trato e de oportunidades entre as persoas, así como pola non discriminación.
  - Pór instrumentos e crear dinámicas ao servizo da equidade, da solidariedade e da xustiza social.
  - Dar a coñecer as normas de convivencia, os programas de igualdade, o protocolo de mediación e todos os recursos de que dispón o centro para a xestión da convivencia.
    - Establecer acordos para un traballo educador común en que toda a comunidade educativa comparta valores de responsabilidade, tolerancia, igualdade, respecto e non discriminación.

► *Plan de Acción Titorial* (Pendente de actualización)

- Non figuran obxectivos específicos pero inclúese a igualdade nos obxectivos xenéricos propios da acción titorial.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA IGUALDADE NO CENTRO

#### 3.1. Análise do contexto.

O IES Camilo José Cela está situado no centro urbano da vila de Padrón. Oferta estudos de ESO e Bacharelato (Modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais).

No IES Camilo José Cela cursa estudos cada ano unha media de **alumnado** que oscila entre 230 e 270 mozos e mozas de entre 12 e 18 anos. No curso 2019-2020, están matriculados 111 homes (47%) e 127 mulleres (53%).



O alumnado do IES Camilo José Cela procede, nos cursos da ESO, na súa maioría do CEIP Flavia –centro adscrito–, aínda que tamén se matriculan alumnos e alumnas procedentes do outro colexio do casco urbano, o CEIP Rosalía de Castro. Nos cursos de Bacharelato –aínda que tamén en cursos de ESO– é onde máis se manifesta a presenza de mozos e mozas que proveñen dos concellos veciños, pois acoden a completar os seus estudos desde os CPI próximos de Dodro, Rois ou Cesures.

O alumnado que cursa os seus estudos no IES Camilo José Cela é bastante homoxéneo socioculturalmente. É de procedencia maioritariamente rural e dun nivel sociocultural medio. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, hai un moi pequeno número de alumnos e alumnas que proceden doutros países, como Venezuela ou Romanía.

O **profesorado** do IES Camilo José Cela está integrado nos últimos anos por arredor de 30 - 32 docentes. O equipo docente con destino definitivo supón 80% do total, do que un 68% son profesoras e un 32% profesores. A media de idade é de 51 anos.

O **persoal non docente** está composto maioritariamente por mulleres. Hai dúas conserxes, dúas administrativas, dúas limpadoras e un limpador. A idade media deste colectivo é de 50 anos.

En canto ás **familias** do centro, é destacable que a gran maioría manteñen unha estrutura de familia tradicional: o 67% das familias conviven os dous proxenitores cos fillos e fillas, mentres que o 31% son fogares en que os proxenitores están separados ou conviven con outra parella. O 2% restante son familias monoparentais.

### 3.2. Percepción do estado da igualdade.

Para establecer unha diagnose do estado da igualdade no centro teremos en conta os datos que nos achegan as enquisas realizadas no curso 2018-2019 ao alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos do centro. Estas enquisas procuraban unha diagnose da convivencia pero integraron un apartado destinado a coñecer aspectos da situación da igualdade na comunidade escolar. Foron deseñadas polo grupo de profesorado que se integrou no PFPP de convivencia, mediación e igualdade que se desenvolveu no centro no bienio 2017-2019.

As porcentaxes de resposta ás enquisas foron as seguintes:

*Alumnado:* contestou o 86,7%



*Profesorado:* contestou o 80,6%


*Familias:* contestou o 20,7%

*Persoal de administración e servizos:* contestou o 100%

As **análises das enquisas** revelan unha aceptable situación da igualdade e das súas medidas de promoción no centro. O alumnado, nunha alta porcentaxe, valora as accións pola igualdade desenvolvidas ata o momento:

6. Pensas que no centro se están levando a cabo accións que favorecen as relacións igualitarias entre homes e mulleres?


193 respostas



Un coñecemento aínda maior das accións pola igualdade rexístrase entre o profesorado do centro e, nun grao similar, entre as familias:

1. Coñece algunha das iniciativas que se levan a favor da igualdade no instituto?

63 respostas




O profesorado mostra un gran compromiso coa educación en igualdade: o 100% do profesorado enquisado manifesta seleccionar os seus materiais para que non aparezan trazos sexistas e toma diferentes medidas para coeducar e establecer unha relación igualitaria nas súas aulas:



6. Para organizar grupos de traballo ou a disposición da aula fomentas que mozos e mozas se mesturen, evitando grupos homoxéneos?

25 respostas




Aínda así, entre as respostas libres, a maioría do profesorado reconece non realizar habitualmente actividades específicas de fomento da igualdade nas súas aulas.

Polo que respecta ás familias, a maioría reconece integrar o principio de igualdade nos principais aspectos da educación no fogar, como a colaboración nas tarefas da casa:

3. Anima ao seu fillo a colaborar nas tarefas de casa?


63 respostas



A pesar de todo, as respostas a algúns apartados suxiren a pervivencia nos fogares de certos hábitos ou esquemas machistas:

2. Quen acode normalmente as reunións de tutoría no centro?

63 respostas



Algún dato significativo sobre igualdade pode completarse cos que figuran no *Informe de recollida de datos*, enviado ao centro en xaneiro de 2020 e que integra os resultados da **Enquisa sobre o estado da convivencia** dos centros galegos realizada no curso 2018-2019. Algún dos items desta enquisa achega datos sobre a igualdade. En



concreto, ante a afirmación “Os/as adultos/as e os/as estudantes son receptivos á variedade de identidades de xénero”, o 56,2% responde “moitas veces” e o 43,8 “bastantes veces”.

En canto ás **condutas contrarias ás normas de convivencia**, temos que sinalar que o IES Camilo José Cela pode ser considerado un centro con índices baixos de conflitividade escolar. Nos últimos cursos non se instruíu ningún procedemento corrector e tan só se iniciou un protocolo de acoso escolar, coa determinación final de que non existira o acoso. As condutas levemente prexudiciais para a convivencia, constatadas en partes escritos de amoestación, mantéñense nun número estable nos últimos anos. O alumnado de sexo masculino acapara o 78% dos partes escritos de amoestación.

### 3.3. Fortalezas e debilidades.

Para establecer a situación da igualdade no centro valoráranse os puntos fortes e débiles que se teñen detectado despois de realizar a análise.

Entre as **fortalezas**, destacaremos as seguintes:

–*Existencia dun elevado número de mulleres en postos de decisión.* A presenza maioritaria de mulleres no claustro, dato que xa comentamos, esténdese tamén aos órganos de decisión: o 75% do equipo directivo está integrado por mulleres; o 64,7% das xefaturas de departamento están en mans de mulleres, o que se materializa en que a representación feminina na Comisión de Coordinación Pedagóxica é dun 72,7%; no Consello Escolar, a proporción de mulleres é dun 61,1%.

–*Continuidade do Plan de Formación do Profesorado na liña de convivencia e igualdade.* A existencia dun PFPP, que aborda contidos relacionados coa convivencia e a igualdade de xénero, leva consigo que máis dun terzo do profesorado teña formación neste eido desde o curso 2017-2018.

–*Visibilidade da problemática da igualdade no centro grazas a espazos como o recuncho violeta.* Este espazo, situado na planta baixa do centro, moi visible e accesible ao alumnado, creouse no curso 2018-2019 e nel se pretende visibilizar a problemática referente á muller e á igualdade de xénero mediante a exposición de materiais informativos sobre este tema e a reflexión sobre eles. Esta medida contribuíu



decisivamente a que o alumnado tome conciencia da necesidade de promover a igualdade de sexos e da loita activa para conseguir este obxectivo.

–*Existencia dun grupo de profesorado e dun equipo directivo comprometido e implicado na coeducación e a igualdade.* Entre o núcleo de profesorado integrado nas diversas actividades formativas arredor da igualdade e convivencia, configúrouse grupo estable de traballo nestes ámbitos, para fomentar a conciencia de educar en igualdade. Así está mencionado no Plan de Convivencia como *Grupo de Igualdade*. Ademais, é destacable a presenza dos membros do equipo directivo neste grupo.

Pola contra, entre as **debilidades** temos que destacar:

–*A permanencia no tecido social do contexto do centro de certos estereotipos e hábitos machistas.* Xa comentamos algún detalle percibido nas enquisas ás familias, referente sobre todo ao maior compromiso das nais na asistencia ao centro educativo e no seguimento da educación dos fillos e fillas. Outros estereotipos detéctanse nas respostas libres do alumnado ás enquisas, onde non é raro atopar referencias ás “diferenzas físicas” entre mozos e mozas ou ao presunto trato de favor de profesoras ou profesores en función do sexo do alumnado.

–*A inexistencia de rexistros de datos desagregados por sexos* para procesar determinada información de interese, como poden ser o índice de aprobados e suspensos, índice de titulación en ESO e Bacharelato por sexos, de abandono escolar temperán ou de opcións por sexo de itinerarios didácticos.

–*A persoa directora do centro é un home, malia ser maioritaria a presenza feminina en todos os ámbitos.* Aínda que as mulleres son maioría nos postos de decisión, como se indicou entre as fortalezas, o máximo responsable do centro segue a ser un home.

–*Mantemento de roles machistas entre o alumnado.* Aínda que se detectan progresos, constatables a través de fontes como o Departamento de Orientación ou o labor titorial, hai certos indicadores que revelan que se manteñen aínda os roles dominantes asociados ao masculino e as actitudes de retraimento femininas. Por exemplo, a pesar de que nas NOFC do centro se estableceu que haxa tantas candidaturas femininas como masculinas a delegada/o de curso, a presenza de candidatos electos homes é maior que a das mulleres, se ben a presidenta da Xunta de delegadas e delegados é unha moza. Outros factores como a ocupación do patio de xogos ou dos espazos centrais (vestíbulo) tamén revelan a pervivencia destes comportamentos.



## 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DO PLAN

### 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- a) Defender a igualdade na educación, implantando a coeducación como principio básico do ensino.
- b) Promover os valores e os dereitos fundamentais propios dunha sociedade democrática moderna e igualitaria entre homes e mulleres.
- c) Desenvolver a cultura da igualdade no marco dos principios da boa convivencia, da non discriminación, do diálogo e do entendemento pacífico entre as persoas.
- d) Educar no cuestionamento dos roles tradicionais asociados ao sexo, ofrecendo novos modelos de masculinidade e incidindo na importancia dos coidados.
- e) Desenvolver os contidos curriculares en materia de coeducación coa posta en valor da muller en todos os ámbitos da cultura.
- f) Potenciar a presenza de mulleres en todos os órganos de goberno e equipos didácticos do centro.

### 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- a) Concienciar a todos os membros da comunidade educativa da necesidade de actuar perante o coñecemento de casos de violencia de xénero.
- b) Crear un protocolo para a prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- c) Establecer dinámicas de colaboración e axuda entre a comunidade educativa para que non se oculten condutas de maltrato e violencia de xénero.
- d) Manter a participación a nivel institucional cos organismos que loitan contra a violencia de xénero, en especial coa *Mesa Local contra a Violencia de Xénero* do Concello de Padrón.
- e) Establecer mecanismos de denuncia do acoso sexual e por motivos de orientación afectivo-sexual.

### 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.





- a) Educar no coñecemento e respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- b) Visibilizar a diversidade afectivo-sexual e a súa aceptación como un feito natural.
- c) Traballar para que o alumnado identifique os estereotipos do amor romántico e os substitúa por modelos igualitarios de relación amorosa.
- d) Impulsar propostas didácticas centradas no coñecemento e aceptación da diversidade afectivo-sexual.

#### **4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.**

- a) Dar a coñecer os dereitos da comunidade LGTBI e os principais documentos legais onde se recollen.
- b) Fornecer ferramentas de loita contra calquera tipo de discriminación que teña como orixe a LGTBIfobia.
- c) Crear canles de comunicación entre todos os membros da comunidade educativa para integrar a diversidade do alumnado LGBTI.
- e) Establecer un protocolo de sensibilización e intervención en casos de *homotransfobia*.

### **5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE**

#### **5.1. Organización do centro.**

As medidas e actuacións que se desenvolverán neste ámbito serán as seguintes:

<b>1. Promoción da representación equitativa de homes e mulleres nos órganos de decisión do centro</b>			
<b>MEDIDAS</b>	<b>RECURSOS / RESPONSABLES</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>INDICADOR DE LOGRO</b>
■ Promoción de candidaturas femininas do profesorado, alumnado, nais e persoal non docente ao Consello Escolar	■ Dirección e profesorado titor	■ Cada dous anos, en cada renovación parcial do Consello Escolar	■ 50% de candidaturas femininas ao Consello Escolar por cada colectivo
■ Promoción de candidaturas femininas a delegadas de clase	■ Dirección, D. Orientación e profesorado titor	■ Primeiro mes de curso	■ Presentación de, como mínimo, igual número de candidaturas de



			homes e mulleres
<b>2. Fomento da implicación de membros da comunidade educativa na promoción da igualdade</b>			
ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Designación dunha persoa responsable de impulsar políticas de igualdade no Consello Escolar	■ Persoa directora	■ Mes de setembro de cada curso escolar	■ Nomeamento da persoa responsable
■ Potenciación da igualdade nas Comisións nomeadas polo Consello Escolar: Convivencia, Económica e de Biblioteca	■ Dirección e Consello Escolar	■ Ao comezo de cada curso escolar	■ Composición paritaria, como mínimo, das comisións
■ Potenciación do Grupo de Igualdade do profesorado e conversión deste grupo nunha auténtica Comisión de Coeducación	■ Dirección, Consello Escolar e Profesorado	■ Curso 2020-2021	■ Creación da comisión
■ Designar representantes na Mesa Local contra a Violencia de Xénero	■ Dirección e Profesorado	■ Comezo de curso	■ Nomeamento dunha representante
■ Fomento da Igualdade entre o alumnado mediador coa incorporación de novas mediadoras	■ Contrato programa. Equipo directivo, Comisión de Convivencia.	■ Terceiro trimestre do curso	■ Selección de novas mediadoras
<b>3. Programación e coordinación das actividades arredor das datas coeducativas</b>			
ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Potenciación do Recuncho Violeta (a disposición de toda a comunidade educativa)	■ Equipo directivo, Profesorado, Comisión Coeducación e D. Orientación	■ Todo o curso	■ Realización dunha nova acción cada trimestre
■ Conmemoración do Día dos Afectos o 14 de febreiro, como data que substitúa as celebracións do amor romántico	■ Vicedirección, Profesorado e EDLG	■ Mes de febreiro	■ Realización da nova conmemoración
■ Establecemento dunhas accións coordinadas respecto á celebración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o 25 de decembro, e o Día das Mulleres, o 8 de marzo	■ Vicedirección, Profesorado e EDLG	■ Nas datas próximas ás celebracións	■ Participación de alumnado e profesorado e valoración do seu incremento
■ Celebración de novas datas coeducativas que non figuran na Orde de calendario escolar: Día da Inventora (9 de novembro) e Día da Muller e a Nena na Ciencia (9 de febreiro).	■ Vicedirección, Profesorado, Comisión Coeducación e EDLG	■ Nas datas próximas ás celebracións	■ Participación de alumnado e profesorado e valoración do seu incremento
<b>4. Concreción do desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual</b>			
ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Actividades do novo PAT para o traballo emocional nas titorías da ESO	■ D. Orientación e profesorado titor	■ Todo o curso	■ Realización das actividades e inclusión da súa programación no novo PAT
■ Obradoiros socioemocionais	■ D. Orientación e	■ Todo o curso	■ Asistencia e



	Técnica do Concello de Padrón		memoria final dos obradoiros
■ Obradoiros de educación sexual	■ D. Orientación e especialistas convidados/as	■ Segundo a posibilidade dos/as convidados/as	■ Asistencia aos obradoiros
<b>5. Promoción da formación en igualdade</b>			
ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Creación da materia de Igualdade en 2º de ESO	■ Dirección	■ Curso 2020-2021	■ Conformación do grupo.
■ Actividades do novo PAT para o traballo da igualdade, da prevención da violencia de xénero e da aceptación diversidade sexual nas titorías da ESO	■ D. Orientación, Comisión Coeducación e profesorado titor	■ Todo o curso	■ Estructuración das actividades no novo Plan de Acción Titorial. Realización das actividades
■ Visibilización das figuras femininas no currículo co deseño de actividades interdisciplinares	■ Departamentos didácticos	■ Todo o curso	■ Aumento dun 50% na realización de exposicións e actividades dos distintos departamentos
■ Cumprimentación de cuestionarios sobre reparto de tarefas domésticas e de coidado nos fogares	■ D. Orientación, Comisión Coeducación e profesorado titor	■ Segundo trimestre do curso	■ Recompilación e informe sobre tarefas nos fogares
■ Realización de actividades dos departamentos de linguas sobre a linguaxe das emocións	■ Departamentos de linguas	■ Todo o curso	■ Realización das actividades propostas

## 5.2. Eliminación de estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

As medidas e actuacións que se desenvolverán neste ámbito serán as seguintes:

<b>1. Revisión dos documentos do centro, programacións e materiais didácticos con perspectiva de xénero</b>			
ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Revisión da linguaxe sexista dos documentos oficiais do centro	■ Dirección e Comisión de Coeducación	■ Todo o curso	■ Realización das actividades
■ Revisión da linguaxe sexista na páxina web do centro	■ Dirección e Comisión de Coeducación	■ Inicio do curso 2020-2021	■ Modificación dos apartados onde apareza linguaxe sexista
■ Elección de materiais didácticos libres de estereotipos de xénero	■ Equipo directivo e Departamentos didácticos	■ Antes do inicio de cada curso escolar	■ Renovación de materiais libres de estereotipos
■ Revisión da linguaxe sexista nas programacións didácticas	■ Equipo directivo e Departamentos didácticos	■ Antes do inicio de cada curso escolar	■ Renovación das programacións libres de estereotipos
<b>2. Sensibilización da comunidade educativa en canto aos estereotipos de xénero</b>			
ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
■ Proxección de imaxes, vídeos	■ Vicedirección	■ Todo o curso	■ Variedade e



e presentacións na pantalla do vestíbulo durante a xornada escolar			aumento de imaxes e vídeos expostos
■ Elaboración dun protocolo de sensibilización e intervención en casos de LGTBIfobia	■ Equipo directivo, Departamento de orientación e Comisión de Coeducación	■ Realizado no curso 2021-2022	■ Redacción do protocolo
■ Exposicións no recuncho violeta	■ Vicedirección, D. Orientación, Comisión Coeducación e EDLG	■ Todo o ano	■ Ao menos unha exposición diferente cada curso
■ Encontros con escritoras e escritores que abordasen o tema dos estereotipos de xénero e comentario das súas obras	■ Axentes das editoriais. Vicedirección, profesorado e EDLG	■ Todo o ano	■ Ao menos un encontro anual con algún escritor e/ou algunha escritora
■ Traballo crítico sobre produtos culturais informais (videoxogos, páxinas web, publicidade...) para detectar e mostrar os estereotipos de xénero.	■ Conferenciantes externos, Departamento de Filosofía e Vicedirección	■ Todo o curso	■ Realización de, polo menos, unha actividade xeral anual e de actividades interdisciplinares.

### 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

As medidas e actuacións que se desenvolverán neste ámbito serán as seguintes:

<b>1. Visibilización e difusión das medidas de igualdade</b>			
<b>ACTUACIÓN</b>	<b>RECURSOS / RESPONSABLES</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>INDICADOR DE LOGRO</b>
■ Creación e mantemento dun taboleiro no vestíbulo do centro	■ Recursos propios. Vicedirección e Comisión Coeducación	■ Creación no curso 2020-2021	■ Creación e mantemento mensual
■ Presentación do Plan de Igualdade nas Titorías	■ Departamento de Orientación e Profesorado Titor	■ 1º Trimestre de cada curso	■ Inclusión da presentación do plan no novo PAT
■ Difusión de actividades no Blog do Club de Letras	■ Recursos dixitais. Coordinador do Club de Letras e profesorado	■ Todo o curso	■ Aumento de subscricións e consultas no Blog
■ Creación dun apartado de Igualdade na páxina web do IES, onde se difundan as actuacións neste eido	■ Recursos dixitais. Equipo directivo e Coordinadora TIC	■ Todo o curso	■ Aumento de contidos e consultas no apartado
■ Creación de rexistros de datos académicos e condutuais segregados por sexo	■ Ferramentas informáticas. Xefatura de Estudos	■ Todo o curso	■ Xestión e interpretación dos datos rexistrados
<b>2. Potenciación dunha Biblioteca escolar coeducativa</b>			
<b>ACTUACIÓN</b>	<b>RECURSOS / RESPONSABLES</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>INDICADOR DE LOGRO</b>



<ul style="list-style-type: none"> <li>Revisión e expurgación dos fondos antigos que teñan contidos machistas e homófobos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo de biblioteca</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cursos 2020-2021 e 2021-2022</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Descatalogación de exemplares</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Adquisición de fondos bibliográficos sobre contidos de igualdade e diversidade afectivo-sexual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recursos propios. Dirección e Equipo de Biblioteca</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo de cada curso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Incremento de fondos</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Visibilización de obras escritas por mulleres e autoras pouco difundidas por motivos de xénero</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recursos propios. Equipo de Biblioteca e Comisión Coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo de cada curso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización ao menos dunha acción por curso (exposición, conferencia, xornadas...)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Promoción de lecturas feministas no seo do Club de lectura Galeano</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coordinadora do Club de lectura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Trimestral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de reunións para comentar as obras</li> </ul>

### 3. Xestión coeducativa dos espazos do centro

ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>Reforma do patio de xogos e xestión coeducativa deste espazo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recursos económicos externos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Curso 2020-2021</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aumento da presenza de mozas nos espazos centrais do patio</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización de actividades no vestíbulo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recursos propios. Vicedirección e Comisión de Coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo de todo o curso e en datas destacadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Gravación e memoria visual da actuación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Xestión igualitaria da distribución do traballo do alumnado en grupos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Profesorado e Departamentos didácticos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o ano</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>60% de profesorado que organiza a aula tendo en conta o criterio de igualdade</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Dar nomes de muller a aulas ou espazos do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proxecto de Fomento do uso do galego. Vicedirección, Comisión coeducación e EDLG</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Curso 2021-2022</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nomeamento de cinco aulas ou espazos</li> </ul>

### 4. Sensibilización sobre a necesidade de alcanzar unha igualdade real e promoción de medidas para conseguila

ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>Voluntarios e voluntarias para o Recuncho violeta</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comisión de Coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Todo o curso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación do grupo de voluntarios e voluntarias</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Fomento de vocacións femininas en estudos, itinerarios e/ou materias de pouca presenza feminina</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Departamento de Orientación e Profesorado titor</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Terceiro trimestre e comezo de curso</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aumento de alumnas en itinerarios e materias de menor representación</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Elaboración dunhas pautas para as fichas e para dirixirse ao alumnado (mención a proxenitores / non a pais, falar de parella / non mozos ou mozas...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Departamento de Orientación, Comisión de Coeducación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Curso 2020-2021</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Redacción dun documento que recolla as pautas e difusión entre o profesorado</li> </ul>

### 5. Medidas de prevención e detección de calquera caso de violencia sexual

ACTUACIÓN	RECURSOS / RESPONSABLES	TEMPORIZACIÓN	INDICADOR DE LOGRO
<ul style="list-style-type: none"> <li>Establecemento dun</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Equipo directivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Redacción ao longo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Inclusión do</li> </ul>



protocolo para a prevención, detección e intervención perante posibles casos de violencia de xénero	Departamento de Orientación	do curso 2021-2022	protocolo no Plan de Convivencia
■ Detección e fluxograma a seguir perante un caso de violencia de xénero	■ Departamento de Orientación e Equipo directivo	■ Ao longo de todo o curso	■ Realización de informes e fichas de seguimento
■ Obradoiros de sensibilización e de actuación en casos de violencia de xénero	■ D. Orientación e especialistas convidados/as	■ Segundo dos/as posibilidades convidados/as	■ Asistencia aos obradoiros e enquisa
■ Charlas a grupos de ESO e BAC sobre violencia de xénero	■ Departamento de Orientación e Plan Director da Garda Civil	■ Sesións nos diferentes niveis ao longo de todo o curso	■ Asistencia ás charlas
■ Establecemento de mecanismos de comunicación e denuncia do acoso sexual e por motivos de orientación afectivo-sexual	■ Dirección, Departamento de Orientación e profesorado	■ Todo o ano	■ Aumento da identificación de casos de acoso sexual.

#### 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

As medidas e actuacións que se desenvolverán neste ámbito serán as seguintes:

<b>1. Promoción dos valores coeducativos na comunidade escolar</b>			
<b>ACTUACIÓN</b>	<b>RECURSOS / RESPONSABLES</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>INDICADOR DE LOGRO</b>
■ Presentación do Plan de Igualdade á Comunidade Educativa	■ Dirección e Consello Escolar	■ Primeiro Trimestre	■ Exposición na páxina web
■ Creación dun espazo na sala de atención a familias con lecturas e materiais sobre a igualdade.	■ Dirección	■ Todo o ano	■ Aumento progresivo de lecturas e materiais
■ Charlas sobre os distintos modelos de familias	■ Vicedirección	■ Terceiro trimestre	■ Realización das Charlas
■ Creación dunha caixa de suxestións coeducativas e sobre a promoción da igualdade no Recuncho Violeta	■ Dirección	■ Curso 2020-2021	■ Número crecente de suxestións
<b>2. Promoción das actividades de intervención social</b>			
<b>ACTUACIÓN</b>	<b>RECURSOS / RESPONSABLES</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>INDICADOR DE LOGRO</b>
■ Encontros do alumnado con membros do CIM	■ Vicedirección	■ Encontros anuais	■ Realización dos encontros
■ Participación activa na Mesa Local contra a Violencia de Xénero do Concello de Padrón	■ Dirección	■ Reunións que marque a axenda da Mesa	■ Asistencia regular ás reunións e colaboración en iniciativas
■ Visita ás nosas mulleres maiores	■ Vicedirección, Profesorado e EDLG	■ Curso 2020-2021	■ Alumnado participante
■ Exposición de fotografías e encontros coas mulleres traballadoras da contorna	■ Vicedirección e EDLG	■ Curso 2020-2021	■ Realización da exposición e memoria fotográfica



## 6. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E REVISIÓN DO PLAN. INDICADORES DE LOGRO

O **seguimento** do Plan de Igualdade será realizado especialmente polos órganos de goberno e a Comisión de Coeducación en canto se constitúa.

A **avaliación** do Plan de Igualdade realizarase a través dos seguintes órganos e instrumentos:

–Claustro de profesorado.

–CCP.

–Comisión de Convivencia. Esta comisión, na súa memoria anual, incluírá un apartado de valoración do estado da igualdade dentro da convivencia no centro.

–Actas da nova Comisión de Educación.

–Memoria final do centro.

Para realizar esta avaliación empregaranse distintas ferramentas: observación directa do resultado das accións, actas, enquisas e análise de datos. O alumnado tamén será tido en conta para a avaliación do plan cunha sinxela enquisa que contestará ao final de curso nas últimas sesións de titoría.

A **difusión** do Plan de Igualdade será realizada polo equipo directivo nun primeiro momento, que o expoñerá, xunto cos demais documentos do centro, na páxina web. Ademais, como se recolle no plan, crearase un apartado na páxina web no que se incluírán as actuacións e se dará visibilidade a todas as iniciativas coeducativas.

A **revisión** do Plan de Igualdade realizarase a comezo de cada curso escolar a través das propostas do equipo directivo, da CCP, da Comisión de Convivencia e do Claustro, de cara á inclusión da súa actualización na Programación Xeral Anual.

### INDICADORES DE LOGRO

- Visibilidade das actuacións coeducativas na páxina web.
- Memoria gráfica das exposicións e actividades coeducativas desenvolvidas.
- Oferta da materia de Igualdade como optativa de libre configuración de centro e conformación do grupo en 2º de ESO.
- Creación da Comisión de Coeducación no Consello Escolar.
- Desaparición da linguaxe machista dos documentos e da web do centro.



## 7. ANEXOS

### ANEXO I. MODELO DE ENQUISA FINAL DE CURSO PARA O ALUMNADO

	SI	NON
1. Estiven a gusto no centro cos meus compañeiros e compañeiras. (MOZA)		
2. Estiven a gusto no centro cos meus compañeiros e compañeiras. (MOZO)		
3. Parecéronche ben as actividades de igualdade ás que asistiches. (MOZA)		
4. Parecéronche ben as actividades de igualdade ás que asistiches. (MOZO)		
5. Existe igualdade de trato entre homes e mulleres no centro? (MOZA)		
6. Existe igualdade de trato entre homes e mulleres no centro? (MOZA)		
7. Emprégase a linguaxe non sexista entre o profesorado? (MOZA)		
8. Emprégase a linguaxe non sexista entre o profesorado? (MOZO)		
9. Preocúpaste por usar máis a linguaxe non sexista? (MOZA)		
10. Preocúpaste por usar máis a linguaxe non sexista? (MOZO)		
11. Recoñeces os tópicos do amor romántico e rexéitalos como modelo? (MOZA)		
12. Recoñeces os tópicos do amor romántico e rexéitalos como modelo? (MOZO)		
13. Consideras que existe violencia machista entre o alumnado do centro? (MOZA)		
14. Consideras que existe violencia machista entre o alumnado do centro? (MOZO)		
15. Considérase feminista? (MOZA)		
16. Considérase feminista? (MOZO)		
OBSERVACIÓNS E SUXESTIÓNS:		